| | |
|---|---|
| **Apelidos e Nome:** | **LATÍN I** |
| **Data:** | **4ª Unidade** |

| A | Morfoloxía |
|---|---|
| 1 | O substantivo que se enuncia **pectus, pectoris** *peito* é<br>☐ A) parisílabo<br>☐ B) imparisílabo |
| 2 | O **tema** do substantivo que se enuncia **iter, itineris**: *camiño* é*:*<br>☐ A) **ite-**<br>☐ B) **itin-**<br>☐ C) **itiner-**<br>☐ D) **itineri-** |
| 3 | No substantivo que se enuncia **flos, floris** *flor* obsérvase un cambio fonético denominado:<br>☐ A) Apofonía<br>☐ B) Rotacismo<br>☐ C) Metátese<br>☐ D) Perda da consonante **r** |
| 4 | No substantivo que se enuncia **virgo, virginis** obsérvanse os seguintes cambios fonéticos:<br>☐ A) Perda do **–n** final diante de **o,** e rotacismo<br>☐ B) Perda do **–n** final diante de **o,** e apofonía<br>☐ C) Perda do **–o** e substitución polo **-i**<br>☐ D) Perda de media palabra |
| | **Sintaxe** |
| 5 | **Dux** *(guía)* **et imperator vitae hominum animus** *(alma)* **est**<br>Nesta oración **dux, ducis** *guía* está en nominativo de singular e desempeña a función de:<br>☐ A) Obxecto directo<br>☐ B) Complemento do nome<br>☐ C) Complemento axente<br>☐ D) Atributo |
| 6 | **Dux** *(guía)* **et imperator vitae hominum animus** *(alma)* **est**<br>Nesta oración **homo, hominis** *home* está en xenitivo de plural e desempeña a función de: |

| | |
|---|---|
| | ☐ A) Obxecto directo<br>☐ B) Complemento do nome<br>☐ C) Complemento axente<br>☐ D) Atributo |
| 7 | **Dux** *(guía)* **et imperator vitae hominum animus** *(alma)* **est**<br>Nesta oración **Dux** *(guía)* **et imperator** *(rector/a)* **vitae hominum** tradúcese:<br>☐ A) A guía da vida recta dos homes<br>☐ B) A guía dos homes e rectora da vida<br>☐ C) A guía e a rectora da vida dos homes<br>☐ D) A rectora dos homes e a guía da vida |
| 8 | **Marcus Tulius Cicero Terentiae suae salutem dat**<br>Nesta oración **Terentiae suae** (Terencia era a muller de Cicerón) **e**stá en:<br>☐ A) Nominativo de sg porque é suxeito<br>☐ B) Xenitivo de sg. porque é complemento do nome<br>☐ C) Dativo de sg. porque é obxecto indirecto<br>☐ D) Ablativo de sg. porque é complemento axente |
| 9 | **Catilina per montes asperos magnis itineribus copias adducit** *(conduce)*<br>Nesta oración **per montes asperos** é unha frase preposicional **(per** = prep. de acus. *por***)** e **asperos** e máis **montes**:<br>☐ A) Concertan porque están no mesmo número, xénero e caso<br>☐ B) Non concertan porque un é da 2ª declinación e outro da 3ª<br>☐ C) Non concertan porque están en diferente número<br>☐ D) Non concertan porque non se levan ben |
| 10 | **Catilina per montes asperos magnis itineribus copias adducit** *(conduce)*<br>Nesta oración **magnis itineribus** é unha expresión moi coñecida que se traduce *a marchas forzadas*. **Itiner, itineris** *camiño, marcha* está en plural e é:<br>☐ A) Nominativo porque é suxeito<br>☐ B) Acusativo porque é obxecto directo<br>☐ C) Dativo porque é obxecto indirecto<br>☐ D) Ablativo porque é complemento circunstancial. |
| 11 | **Catilina per montes asperos magnis itineribus copias adducit** *(conduce)*<br>Nesta oración no sintagma **copias adducit, copias** está en plural **(copiae, copiarum** non ten singular e significa *tropas)* e é:<br>☐ A) Nominativo porque é suxeito<br>☐ B) Acusativo porque é obxecto directo<br>☐ C) Dativo porque é obxecto indirecto<br>☐ D) Ablativo porque é complemento circunstancial. |

| | |
|---|---|
| 12 | **Catilina per montes asperos magnis itineribus copias adducit** *(conduce)*<br>Nesta oración o sintagma **per montes asperos magnis itineribus** tradúcese:<br>☐ A) Polos grandes montes nunha áspera marcha<br>☐ B) Polos ásperos montes a marchas forzadas<br>☐ C) Polos camiños dos montes grandes<br>☐ D) Polos montes de camiños grandes |
| | **Léxico** |
| 13 | Lat. **pede(m)** pasa a gal. *pé* e cast. *pie* producíndose un cambio no seu consonantismo chamado:<br>☐ A) Metátese<br>☐ B) Enxordecemento<br>☐ C) Sonorización<br>☐ D) Desaparición |
| 14 | A expresión latina **Cogito ergo sum** quere dicir:<br>☐ A) Penso que estou aquí<br>☐ B) Estou aquí porque penso<br>☐ C) Penso, logo existo<br>☐ D) Penso porque existo |
| | **Legado** |
| 15 | En tempos de que emperador se implantou a **prefectura do Pretorio?**<br>☐ A) Hadriano<br>☐ B) Teodosio<br>☐ C) Octavio Augusto<br>☐ D) Marco Aurelio |
| 16 | Que emperador incorpora e da un importante papel os **libertos** na administración:<br>☐ A) Claudio<br>☐ B) Teodosio<br>☐ C) Tiberio<br>☐ D) Marco Aurelio |
| 17 | De que emperador foi preceptor e conselleiro Séneca:<br>☐ A) Claudio<br>☐ B) Nerón<br>☐ C) Tiberio<br>☐ D) Marco Aurelio |
| 18 | De onde era orixinario o emperador Traxano:<br>☐ A) De Britania<br>☐ B) Da Galia<br>☐ C) De Germania<br>☐ D) de Hispania |
| 19 | Que emperador escribe o libro titulado **Meditacións**: |

| | |
|---|---|
| | ☐ A) Claudio<br>☐ B) Teodosio<br>☐ C) Traxano<br>☐ D) Marco Aurelio |
| 20 | Cal é o último emperador do período denominado Principado:<br>☐ A) Macrino<br>☐ B) Alexandre Severo<br>☐ C) Traxano<br>☐ D) Marco Aurelio |

=> **Nota**: Cada ítem correcto = 0,50 puntos.